



Concello de Vilasantar

(Ru s/n 15807 Vilasantar- Galiza)

www.vilasantar.com

Acta da sesión ordinaria **do pleno nº 07/15**

Data 13-06-2015

Acta anterior 10-06-2015



Concello de Vilasantar

(Ru s/n 15807 Vilasantar- Galiza)

www.vilasantar.com

Asistentes:

Alcalde

D. Fernando Pérez Fernández

Concelleiros presentes

D. Oscar Vázquez Corral
D^a. Manuela García Saavedra
D. David Pintor Pazo
D. José Manuel Vázquez Vázquez
D^a Manuela García Freire
D. Paulino Vázquez Negro.
D. Jesús Regueira Freire.
D^a Ana María Sánchez Sánchez.

Non asisten

-

Secretario.

D. Afonso Bieito Lorenzo Penela.

Acta pleno 07/2015

Acta da sesión ordinaria celebrada polo pleno deste concello o día trece de xuño de dous mil quince.

Na casa do concello de Vilasantar, sendo as 12 horas e nove minutos do día trece de xuño de dous mil quince, reúnense os concelleiros electos nas eleccións locais celebradas o pasado día 24 de maio de 2015, asistindo nove concelleiros dos nove que resultaron electos, o que constitúe a maioría absoluta. Hai unha asistencia numerosa de público, de aproximadamente 34 persoas ás que se van sumando máis no transcurso da sesión.

O obxecto da sesión é a constitución do novo concello, consonte co disposto no artigo 195 e seguintes da Lei orgánica 5/85, do 19 de xuño.

Faise constar que a presente sesión vai ser gravada. En consecuencia a referencia horaria do inicio de tratamento dos distintos puntos referirase ao tempo da gravadora.

A continuación pasouse ao estudio da orde do día, adoptándose sobre os asuntos contidos na mesma os seguintes acordos:

1.-Formación da mesa de idade, xuramento ou promesa e constitución da corporación.

Declarada aberta a sesión procedeuse a constituír a mesa de idade, integrada polo concelleiro electo de mais idade de entre os asistentes, D. Jesús Gómez García, quen actúa coma presidente, e pola de menos idade, tamén de entre os asistentes, D^a. Marta García Sánchez e actuando como secretario o do concello.

Unha vez constituída a mesa de idade procedeuse a comprobar as credenciais presentadas e, comprobado que se cumpre a esixencia determinada polos artigos 195.4 da mencionada Lei orgánica declárase constituída a corporación polos seguintes membros:

D. Fernando Pérez Fernández
D. Oscar Vázquez Corral
D. José David Pintor Pazo
D^a. María del Carmen Torreiro Cotos
D. Jesús Gómez García
D. José Emilio Mahía Neira
D^a Manuela García Freire
D. José Antonio Cotos Seoane
D^a. Marta García Sánchez



Concello de Vilasantar

(Ru s/n 15807 Vilasantar- Galiza)

www.vilasantar.com

A continuación procédese a cumprir co requisito legal de prestar xuramento ou promesa de cada un dos Sres. concelleiros asistentes, segundo dispón o artigo 108.8 da mesma Lei orgánica 5/85, de 19 de xuño, o cal realizan, xurando ou prometendo D. José Antonio Cotos Scoane e promentendo o resto dos concelleiros agás D^a. María del Carmen Torreiro Cotos que xura, usando ea totalidade dos concelleiros a fórmula que establecece o Real Decreto 707/1979, de 5 de Abril .

Seguidamente polo secretario dáse fe de que a totalidade dos concelleiros eleitos presentaron as oportunas declaracións a efectos do rexistro de intereses dos membros da corporación.

2.- Proclamación de candidatos e elección de alcalde.

Acto seguido e de acordo coas normas reguladoras da elección de alcalde/alcaldesa, contidas no artigo 196 da repetida Lei orgánica, proclámanse candidato/a de entre os/as concelleiros/as que encabezan as distintas listas que obtiveron representación nas pasadas eleccións locais os/as seguintes:

| <u>Nome e apelidos</u> | <u>Lista ou candidatura</u> |
|--|------------------------------------|
| D. Fernando Pérez Fernández | PP. |
| D ^a . Manuela García Freire | BNG |

Acto seguido procédese á votación, a cal, por acordo entres ambos cabezas de lista, efectúase a manalzada, co seguinte resultado:

| <u>Nome e apelidos</u> | <u>Número de votos</u> |
|--|-------------------------------|
| D. Fernando Pérez Fernández | 6. |
| D ^a . Manuela García Freire | 3. |

Polo que resulta proclamado alcalde por maioría absoluta D. Fernando Pérez Fernández

Inmediatamente o sr. concelleiro que resultou elixido como alcalde deste municipio D Fernando Pérez Fernández, integrado na candidatura do Partido Popular (PP), previa promesa do cargo na forma legalmente establecida, pasa a ocupar a presidencia.

A continuación diríxese ao resto dos membros da corporación e ao numeroso público asistente ao acto de constitución desta nova corporación 2015-2019. Manifesta, en primeiro lugar a súa felicitación e agradecemento aos veciños pola masiva asistencia ás urnas o 24-M e tamén aos nove concelleiros, tanto do BNG como do PP, electos. A continuación agradece ao pobo de Vilasantar a confianza depositada nel e máis nos seus compañeiros, que supón á vez unha grande responsabilidade e unha grande ilusión.



Concello de Vilasantar

(Ru s/n 15807 Vilasantar- Galiza)

www.vilasantar.com

A seguir, agradece o traballo do anterior grupo de goberno e máis aos compoñentes da nova candidatura polo seu compromiso, manifestando, respecto a aqueles que non os votaron a súa dispoñibilidade ao diálogo para traballar polo ben común de Vilasantar.

Considera que Vilasantar neste momento necesita, máis ca nunca, da unión de todos os veciños e que "Como ata o de agora terei sempre aberta a porta da alcaldía a todos os veciños que queiran trasladarme as súas inquedañas, opinións, queixas ou iniciativas"

En definitiva " O novo grupo de goberno, co seu alcalde á cabeza, non queremos ser importantes no noso pobo. Queremos ser útiles ao noso pobo."

3.- Acta de arqueo e inventario do patrimonio da corporación.


A continuación polo sr. secretario-interventor infórmase da realización da acta de arqueo extraordinaria, **que se une á presente acta como anexo II**, redactada con motivo da posesión da nova corporación, acompañada dos documentos que xustifican as existencias. O saldo resultante dá unha existencia líquida de tesourería de 203.423,14 euros, existindo unha operación de tesourería (crédito a corto prazo a través dunha liña de crédito a resolver antes do mes de decembro de 2015) de 113.580,18 euros, quedando un resultado de 89.842,96 euros.

Igualmente dáse conta da documentación relativa ao Inventario do Patrimonio Municipal e máis do informe redactado ao efecto polo secretario interventor, **que se une a presente acta como anexo III**.

Por último, o sr. alcalde dá conta do artigo 38 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, relativo á necesaria convocatoria de sesión extraordinaria dentro dos próximos trinta días hábiles, aos efectos do que se determina no mesmo artigo.


E non habendo máis asuntos a tratar o Sr. presidente levantou a sesión sendo as doce horas e vinte e tres minutos (duración de 13' 31"), do que eu, secretario, dou fe.

Vº e pr.
O alcalde



Asdo. Fernando Pérez Fernández
O Alcalde
Vilasantar (A Coruña)

O secretario



Asdo. Afonso Bieito Lorenzo Penela
Secretaría
Vilasantar (A Coruña)

Don Afonso Bieito Lorenzo Penela, secretario interventor do concello de Vilasantar,

Certifico

Que a existencia en bancos nas diferentes contas que posúe este concello, a data de hoxe é a seguinte:

| Entidade | saldo |
|---------------------------|-------------|
| Banco Santander | 8.193,18 |
| Banco Pastor | 16.732,86 |
| BBVA (antigo BCL) | 2.860,87 |
| Abanca 0049 | 199,48 |
| Abanca 0012 | 175.436,75 |
| SALDO | 203.423,14 |
| Liña de crédito utilizada | -113.580,18 |
| Saldo | 89.842,96 |


E para que conste expido a presente a once de xuño de dous mil once, en presenza e co Vº e pr. do alcalde saínte.

O alcalde saínte

 Asdo. Fernando Pérez Fernández
 Vilasantar (A Coruña)

O secretario Interventor

 Asdo. Afonso Bieito Lorenzo Penela
 Secretaría
 Vilasantar (A Coruña)



Concello de Vilasantar

(Ru s/n 15807 Vilasantar- Galicia)

www.vilasantar.com

Afonso Bieito Lorenzo Penela, secretario do concello de Vilasantar (A Coruña), en relación á comprobación do inventario de bens desta comprobación a data 13-06-2015, con motivo da constitución da nova Corporación Municipal.

Informe:

- 1) Que o último Inventario de bens desta corporación foi aprobado polo pleno deste concello en data 17-11-2010, con referencia ao 01-01-2009, segundo a documentación presentada pola empresa Spainsoft, contratada a estes efectos pola deputación provincial.
- 2) Que os movementos contábeis relacionados cos bens deste concello estanse introducindo rutiraniamente na contabilidade do mesmo, a través do programa Sicalwin, sen que se teñan efectuado revisións formais do inventario.
- 3) Que este exercicio de 2015 a mencionada aplicación Sicalwin ten previsto instalar o programa de Xestión de Activos (GAC) que permitirá unha actualización máis eficaz dos bens deste concello

E para que conste aos efectos oportunos, expido a presente informe en Vilasantar a dez de xuño de dous mil quince.

O secretario

Asdo. Afonso Bieito Lorenzo Penela
Secretaria
Vilasantar (A Coruña)



Concello de Vilasantar

(Ru s/n 15807 Vilasantar- Galicia)

www.vilasantar.com

Informe sobre a comprobación do inventario de bens a 11-06-2011 (constitución da nova corporación).

Afonso Bieito Lorenzo Penela, secretario do concello de Vilasantar, en relación á comprobación do inventario de bens a 11-06-2011 (constitución da nova corporación. emito o seguinte:

Informe

- 1) O último inventario de bens deste concello foi aprobado polo pleno deste concello en data 17-11-2010, con referencia ao 01-01-2009, segundo a documentación presentada pola empresa Spainsoft, contratada a estes efectos pola deputación provincial.
- 2) En febreiro de 2011 a deputación provincial emitiu o informe para a adaptación dos datos contábeis cos reflectidos no inventario aprobado en data 17-11-2010, o cal se realizou nese mesmo mes.
- 3) Neste momento estase elaborando a rectificación do inventario a data 31-12-2010, para introducir as altas e as baixas producidas no mesmo dende o 01-01-2009 a 31-12-2010.

E para que conste a efectos de unir ao expediente da súa razón, expido o presente informe en data once de xuño de 2011.

O secretario.

Asdo. Afonso Bieito Lorenzo Penela.